

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 17 de outubro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasete de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1140).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 3 de outubro e da extradinaria e urxente do 8 de outubro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1141).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DE XESTIÓN DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL, PERÍODO NOVEMBRO 2012- NOVEMBRO 2013. EXPTE. 101052/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.10.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 3.10.14, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 2 de novembro de 2012, aprobou a adxudicación definitiva do procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social, ubicado nas instalacións de Marques de Valterra nº 6, (expte. 71934-301), por un importe anual de 663.548,85 euros, dos que 60.332,63 corresponden ao IVE.

O apartado 3.J da FEC que rixe o contrato, establece a procedencia da revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato e se teña executado nun 20% do seu importe. A revisión de prezos recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

A data da finalización do prazo para presentación de proposicións rematou o día 17 de agosto de 2012, segundo certificación de data vinte de agosto.

A Xunta de Goberno Local adxudicou definitivamente o procedemento o 2 de novembro de 2012.

Á vista do anterior e tendo en conta que, entre a data de finalización do prazo de presentación de ofertas e a data de adxudicación do contrato non transcuriron tres meses, o período para calcular a variación experimentada polo IPC nacional é o que media entre novembro/2012-novembro/2013.

O índice de prezos do consumo no período novembro/2012-novembro/2013, experimentou un incremento do 0,2 % segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nas bases, o incremento recollerá o 85% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no 0,17% sobre a cantidade a actualizar (663.548,85 euros). O importe correspondente a o incremento do IPC neste período ascende a 1.128,03 euros, dos que 1.034 euros corresponden a atrasos de decembro 2013 a outubro 2014.

O contrato a partir de decembro de 2013 pasa a ter un importe de 664.676,89 euros anuais.

Polo exposto con anterioridade, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar o gasto por importe de 1.128,03 euros, con cargo á partida 2310.2279913, a nome de ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, SL., NIF B85595239, correspondente ao 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período novembro 2012-novembro2013, en execución do prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social, ubicado nas instalacións de Marques de Valterra nº 6, dos que 1.034 euros corresponden a atrasos de decembro 2013 a outubro 2014.

O contrato a partir de decembro de 2013 pasa a ter un importe de 664.676,89 euros anuais.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1142).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

A) CABEZAS TORO. EXPTE. 4961/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 8.10.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por WENCESLAO CABEZAS DEL TORO no que se solicita a devolución da fianza de 11.695,81 euros constituída para responder da prestación do servizo de Escola de Danza, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a WENCESLAO CABEZAS DEL TORO a fianza de 11.695,81 euros constituída para responder da prestación do servizo de Escola de Danza, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) STRADIA, S.L. EXPTE. 4943/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 8.10.14 que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 9.615,45 euros constituída por EIRIÑA, S.L. para responder das obras do “Proxecto de humanización da rúa Val Miñor” e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a EIRIÑA, S.L. a fianza de 9.615,45 euros, constituída para responder das obras do “Proxecto de humanización da rúa Val Miñor”, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 30 de setembro de 2009 e por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) GREDA, S.L. EXPTE 4922/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 8.10.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 46.406,40 euros, constituída para responder da*

xestión da Escola Municipal de Música Tradicional e Folk, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

*“Devolver a GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. a fianza de 46.406,40 euros, constituída para responder da xestión da Escola Municipal de Música Tradicional e Folk, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(1143).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2014. EXPTE. 5763/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 3.10.14, o informe de fiscalización do 13.10.14, visto o informe de data 29.09.14 da xefa do Servizo de Festas, conformado polo xefe do Servizo de Xestión de Promoción Cultural, o concelleiro de Área de Cultura, Festas e Museos e o concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, dáse conta do informe-complementario asinado polos mesmos, do 16.10.14, que di o seguinte:

*A vista das conclusións do informe da Xefa do Servizo de Fiscalización de data 13 de outubro de 2014, procédese a introdución na cláusula novena do proxecto de convenio do seguinte:*

*“A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas pola resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola prestación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividades foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 7.700 euros”.*

*Polo que a cláusula novena queda modificada do seguinte xeito:*

*Noveno.- A beneficiaria, dentro do exercicio económico e antes do cinco de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas pola resto do orzamento. Se poderá*

*substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola prestación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividades foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 7.700 euros.*

- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

*Á vista do exposto, cos informes xurídico e da Intervención de Fondos, coa conformidade do concelleiro de Cultura, Festas e Museos, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

*PROPOSTA.*

*1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas "El Olivo" para a organización da "Festa do Magosto 2014".*

*2º.- Que se autorice un gasto por importe de 7.470,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas "El Olivo" (CIF G-36.704.666), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio Federación Peñas – Magosto) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2014.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO  
MAGOSTO 2014.

Na Casa do Concello de Vigo, a                    de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xullo e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, como presidente da Federación de Peñas recreativas "El Olivo", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 5768/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a "Festa do Magosto", na Praza do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Cultura, Festas e Museos, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

III. Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.470,00 (sete mil catrocentos setenta) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Magosto 2013 na ribeira do Berbés o 9 de novembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5238/335.

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Magosto, que terá lugar na Praza do Berbés, e concretamente a:*

*1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente e que foi confeccionado pola comisión organizadora.*

*2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.*

*3º.- Asumir todo o concernente á organización da “FESTA DO MAGOSTO 2014”, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.*

*4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa (compra das castañas e viño, etc.).*

*5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.*

*6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.*

*7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).*

*8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.*

*9º.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.*

*10º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas no programa.*

*11º.- Deixar a zona da Praza do Berbés que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza.*

*12º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.*

13º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

14º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da LG 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 7.470,00 (sete mil catrocentos setenta) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5020.01.3040023621, da entidade bancaria NCB BANCO, S.A., da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da LG 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, dentro do exercicio económico e antes do cinco de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas pola resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola prestación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividades foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 7.700 euros.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da LG 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

- 2 persoas designadas pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo".

- En representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións: 1 técnico do Servizo de Festas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2013 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da LG 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto,

polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na LG 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade do Servizo de Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data antes indicados.

O concelleiro delegado da  
Área de Cultura, Festas e Museos

O Presidente da Federación de  
Peñas recreativas El Olivo

Cayetano Rodríguez Escudero

Camilo Pais Martínez

**5(1144).- PROXECTO DE CONVENIO DE COA ENTIDADE TEATRO ENSALLE, SLL, PARA COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DO PROGRAMA. EXPTE. 14727/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 22.08.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do

19.08.14, conformado polo concelleiro delegado da Area de Cultura, Festas e Museos que di o seguinte:

*Con data 19 de agosto de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L. para a organización e realización da "Programación de Teatro Ensalle, segundo trimestre 2014 abril-xuño", e realizar un convenio con esta entidade para regulala.*

#### ANTECEDENTES.-

*Conforme aos datos aportados pola entidade, Teatro Ensalle como proxecto integral, instálase en Vigo no ano 2003 cunha ocupación continuada adicada a creación de público das artes escénicas contemporánea.*

*A súa programación de carácter estable, a conforma a xestión dos subproxectos, tales como a xestión propia da sala de programación, compañías en residencia, formación das artes escénicas e musicais, acolle a Compañía de Teatro Ensalle e organiza actualmente dous festivais anuais, Isto Ferve e Catro Pezas, xunto co programa Vigo en Bruto.*

*Ao formar parte das redes de salas privadas tanto a nivel autonómico como estatal, permite o fluxo e intercambio cultural con outras comunidades e a posibilidade de xenerar sinerxias con outros proxectos ou compañías adicadas ás artes escénicas.*

*Teatro Ensalle forma parte da Coordinadora estatal de salas alternativas dende 2007, presidindo a mesma na actualidade, e da rede Galega de salas dende a súa creación. Ademais dende o ano 2011, conta ca Asociación de Amigos de Teatro Ensalle, ao obxecto de que o público habitual da sala teña unha plataforma máis directa de participación e relación co proxecto.*

*Dende o seu asentamento, xerou aproximadamente 19 postos de traballo para a sala e a Compañía, incidindo a súa actividade económica noutras empresas relacionadas co sector (hostelería, artes gráficas, servizos escénicos, etc).*

*O custe do proxecto, nestes 10 anos acadou a cifra de 1.400.000 €, financiándose o mesmo mediante a aportación de recursos propios da entidade (560.000 €), outras institucións (794.000 €) e o concello de Vigo (46,000 €).*

*Dende o punto de vista dos datos da incidencia cultural neste dez anos, destacar os 36.000 espectadores usuarios da sala durante 1.000 días de actividade, ca intervención de 3.500 profesionais; xunto as 10 produccions propias da Compañía, as 340 funcións desenvoltas e os 20.000 espectadores acadados pola mesma.*

*Programación de Teatro Ensalle, segundo trimestre 2014:*

#### **ABRIL**

*X FESTIVAL ISTO FERVE 14 .- Do 4 ao 27 de abril.*

*- Nunca debimos empezar por ahí. Cía: Cambaleo Teatro (TEATRO) Madrid. ESTREA EN GALICIA. Días 4, 5 e 6 de abril.*

*- Tell me. Cía. Provisional Danza (DANZA) Madrid. ESTREA EN GALICIA. Días 11, 12 e 13 de abril.*

*- Magia simpática. Cía: Horman Poster (TEATRO). Madrid. ESTREA EN GALICIA. Días 25, 26 e 27.*

#### **MAIO**

*- Pegadas. Cía: Teatro de Ningures (TEATRO) Galicia. días 10 e 11 de maio.*

-Que volvan as flores. Cía: Pisando ovos (DANZA) Galicia. ESTREA ABSOLUTA. Días 16, 17 e 18 de maio.

- Momento Blooming. Cía: Cristina Montero/Rut Balbís (DANZA). DÍAS 24 e 25 de maio.

## XUÑO

IV PROGRAMA Vigo en bruto 14. Do 13 de xuño ao 6 de Xullo.

-Exceso de conversación con gaviotas. Cía: Ánomico Teatro (TEATRO) Galicia. ESTREA ABSOLUTA. Días 13, 14 e 15.

-Ganaremos el pan con el sudor de tu frente. Cía: Tripalium (TEATRO) Galicia. ESTREA ABSOLUTA. días 20, 21 e 22 xuño.

-Planificar a caída. Cía: Begoña Cuquejo (DANZA) Galicia. ESTREA ABSOLUTA.

## XULLO

La piedra que caen en el agua. Cía: Declaro, Laa Incidente y Cisma (DANZA) Galicia. ESTREA ABSOLUTA. Días 4, 5 e 6.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 28.837,55€ (vinteoito mil oitocentos trinta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 7.200 € do Concello de Vigo (27,31 %), de 2.800,00€ por billeiteira (10,62 %) e outros patrocinios Xunta (AGADIC) 6.250,00 € (23,71%), Ministerio de Cultura ( Inaem) 7.925€ ( 30,05 %), Aportación Empresa 2.189,57 € (8,3 %).

## DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Certificación da axencia tributaria da exención do IVE
- Declaración doutras axudas.
- Escrito de conformidade ao texto do convenio.
- Cronograma actualizado.
- Escrito de data \_ agosto de 2014 recibido por correo electrónico e remitido por TEATRO ENSALLE S.L.L. de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á "Programación de Teatro Ensalle, Segundo Trimestre 2014" proposto polo Concello de Vigo.

## LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L., para a organización do programa "Programación de Teatro Ensalle, Segundo Trimestre 2014", obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o

RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a TEATRO ENSALLE S.L.L. deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2014, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu otorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L. ten como obxecto financiar a organización do "Programación de Teatro Ensalle, segundo trimestre 2014 abril-xuño " e figura na partida 3340.470.00.04 "PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.200 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L., é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á TEATRO ENSALLE S.L.L.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

**"PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 7.200€ (sete mil douscentos euros) á TEATRO ENSALLE S.L.L., CIF. B36920247, para o financiamento da "Programación de Teatro Ensalle, segundo trimestre 2014 abril-xuño", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.470.00.04 "PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE", que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e TEATRO ENSALLE S.L.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Programación de Teatro Ensalle, Segundo Trimestre 2014”.

Visto o informe de fiscalización de data 14.10.14, dáse conta do informe-proposta complementario do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 7.10.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Vista as observacións realizadas no informe da Intervención -Xeral de data 28/08/2014, procede subsanar o seguinte:

**INFORME- PROPOSTA COMPLEMENTARIO.-**

Con relación á competencia municipal para proceder á concesión da subvención obxecto do Convenio, nos termos da Instrucción 1/2014, en aplicación da Lei 5/2014, de 17 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro LRSAL:

- A acción pública de fomento no ámbito da cultura para actividades de interese público e como medida para favorecer a participación cidadá, adicada no presente caso á promoción das artes escénicas promovidas pola entidade Teatro Ensalle SLL, encuadrase dentro das competencias propias por razón de materia, determinada no art. 7 e 25.m da LR-BRL (conforme nova redacción dada pola Lei 27/2013 LRSAL).

En canto a autorización do gasto, subsanase ca incorporación da sinatura da Concelleira-Delegada de Economía e Facenda.

Engadese na cláusula oitava o parágrafo relativo á forma de xustificación do gasto conforme as determinacións da Base 38.4 de Execución.

No que respecta a aclaración sobre o desaxuste no orzamento de ingresos e gastos, informar que o mesmo deriva dun error material aritmético, subsanado ca incorporación no expediente do documento de orzamento de execución do programa polo importe de 28.837,55 €.

Con relación á demora da entidade na presentación da documentación solicitada para a instrución do expediente, ten a súa causa na xira astística que estaba realizando a entidade por Mexico dende o 28 de agosto ao 27 de setembro do presente ano.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.200 € ( sete mil douscentos euros) á Teatro Ensalle SLL, CIF. B36920247, para o financiamento da “PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, segundo trimestre 2014 abril-xuño” organizado pola entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.4700000 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Teatro Ensalle SLL que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da “PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, segundo trimestre 2014 abril-xuño”.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.-L.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, SEGUNDO TRIMESTRE 2014 ABRIL-XUÑO

*En Vigo, de agosto de dous mil catorce*

#### REÚNENSE

*A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación da Alcaldía de data 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,*

*Doutra, o D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, na súa condición de administrador solidario da empresa Teatro Ensalle S.L.L. (CIF: B-36920247) , actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle otorga a escritura de constitución da sociedade outorgada ante o notario D. Miguel Lucas Sánchez, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Chile, 15 CP36202 da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.*

*Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,*

#### MANIFESTAN

##### **PRIMEIRO.-**

*Que a Concellería considera de interese social e cultural a “Programación de teatro Ensalle, segundo trimestre 2014”, toda vez que este complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación teatral estable posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.*

*SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2014, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.*

*A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.470.00.04 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.200 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL de 00 de \_\_\_\_ de 2014.*

*TERCEIRO.- A Empresa, é unha entidade inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, e tal e como establecen os seus estatutos ten como obxecto social “Sala de teatro e academia de ensino de teatro”.*

*CUARTO.- Que a EMPRESA ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión das artes escénicas en xeral, promovendo o evento “Programación de teatro Ensalle, segundo trimestre 2014” e, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.*

*QUINTO.- Que a EMPRESA reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ae mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.*

*SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.*

*De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

## CLÁUSULAS

### *PRIMEIRA.- OBXECTO.*

*A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a EMPRESA para desenvolver o programa de actividades do "Programación de teatro Ensalle, segundo trimestre 2014 abril-xuño" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.*

### *SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.*

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 28.837,55€ (vinteito mil oitocentos trinta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 7.200 € do Concello de Vigo (24,97 %), de 2.800,00€ por billeteira (9,71 %) e outros patrocinios Xunta (AGADIC) 6.250,00 € (21,67%), Ministerio de Cultura ( Inaem) 7.925€ ( 27,48%), Aportación Empresa 4.662,55€ (16,17%).*

### *TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.*

*Lugar: sala de Teatro Ensalle, r/. Chile, nº 15*

*Programación de Teatro Ensalle, segundo trimestre 2014:*

#### *ABRIL*

*X FESTIVAL ISTO FERVE 14 .- Do 4 ao 27 de abril.*

- Nunca debimos empezar por ahí. Cía: Cambaleo Teatro (TEATRO) Madrid. ESTREA EN GALICIA. Días 4, 5 e 6 de abril.*
- Tell me. Cía. Provisional Danza (DANZA) Madrid. ESTREA EN GALICIA. Días 11, 12 e 13 de abril.*
- Magia simpática. Cía: Horman Poster (TEATRO). Madrid. ESTREA EN GALICIA. Días 25, 26 e 27.*

## MAIO

- Pegadas. Cía: Teatro de Ningures (TEATRO) Galicia. días 10 e 11 de maio.
- Que volvan as flores. Cía: Pisando ovos (DANZA) Galicia. ESTREA ABSOLUTA. Días 16, 17 e 18 de maio.
- Momento Blooming. Cía: Cristina Montero/Rut Balbís (DANZA). DÍAS 24 e 25 de maio.

## XUÑO

IV PROGRAMA Vigo en bruto 14. Do 13 de xuño ao 6 de Xullo.

- Exceso de conversación con gaviotas. Cía: Ánomico Teatro (TEATRO) Galicia. ESTREA ABSOLUTA. Días 13, 14 e 15.
- Ganaremos el pan con el sudor de tu frente. Cía: Tripalium (TEATRO) Galicia. ESTREA ABSOLUTA. días 20, 21 e 22 xuño.
- Planificar a caída. Cía: Begoña Cuquejo (DANZA) Galicia. ESTREA ABSOLUTA.

## XULLO

La piedra que caen en el agua. Cía: Declaro, Laa Incidente y Cisma (DANZA) Galicia. ESTREA ABSOLUTA. Días 4, 5 e 6.

### CUARTA.- OBRIGAS DA EMPRESA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

- Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, baixo as ordenes de D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez que actuará como interlocutor fronte á Concellería.  
A tal fin a EMPRESA designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.
- A EMPRESA comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa disponibilidad ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto

*de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*

*A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*

- *A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,**

- *Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.**

*Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.*

*O centro xestor da subvención á EMPRESA é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.**

*Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoptará as medidas necesarias para publicar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola unidade de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

Asemade a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rol-das de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.**

O CONCELLO xestionará o pagamento a EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada polo presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no prazo de tres meses dende o remate da actividade, e en todo caso antes do 1 de decembro de 2014.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.

2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acreedores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
    - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
    - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no período da programación que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os costes indirectos imputables á actividade, os costes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso os costes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á Empresa é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

*O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.**

*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.*

*Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN.**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.**

*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

*En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apareazón e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.**

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.*

**DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da Empresa. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizarlos nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

**DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA:**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o CONCELLO, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2014, e non será prorrogable.

**DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área  
S.L.L.

Cayetano Rodríguez Escudero

O administrador solidario da Teatro Ensalle  
de Cultura, Festas e Museos

Pedro Martínez-Fresneda Martínez

ANEXO Iº

ORZAMENTO DA "PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, SEGUNDO TRIMESTRE 2014"

<i>Previsión de ingresos</i>	<i>TOTAL</i>	<i>%</i>
<i>Concello de Vigo</i>	<i>7.200,00 €</i>	<i>24,97</i>
<i>Xunta de Galicia</i>	<i>6.250,00 €</i>	<i>21,67</i>
<i>Ministerio de Cultura (danza)</i>	<i>5.750,00 €</i>	<i>19,94</i>
<i>Ministerio de Cultura (teatro)</i>	<i>2.175,00 €</i>	<i>7,54</i>
<i>Billeteira</i>	<i>2.800,00 €</i>	<i>9,71</i>
<i>Aportación Teatro Ensalle</i>	<i>4.662,55 €</i>	<i>16,17</i>
<b><i>Total Ingresos</i></b>	<b><i>28.837,55 €</i></b>	<b><i>100</i></b>

<i>Gastos programa 1º semestre</i>	<i>TOTAL</i>
<b><i>DIRECTOS</i></b>	
<i>CACHETS COMPAÑÍAS</i>	<i>7.446,25 €</i>
<i>PUBLICIDADE</i>	<i>1.256,61€</i>
<i>PROGRAMACIÓN MAQUETACIÓN</i>	<i>3.432,00 €</i>
<i>PRENSA COMUNICACIÓN</i>	<i>3.003,00 €</i>
<i>TÉCNICO</i>	<i>3.432,00 €</i>
<i>ALUGUERES</i>	<i>3.100,95 €</i>
<b><i>TOTAL DIRECTOS</i></b>	<b><i>21.670,81</i></b>
<b><i>INDIRECTOS</i></b>	
<i>PERSOAL DE SALA</i>	<i>2.145,00 €</i>
<i>XESTORIA</i>	<i>827,94 €</i>
<i>REDE ESTATAL DE TEATROS</i>	<i>180,30 €</i>
<i>SUBMINISTROS</i>	<i>1.650,05 €</i>
<i>TRIBUTOS</i>	<i>1.706,22 €</i>
<i>GASTOS FINANCIEROS</i>	<i>163,17 €</i>
<i>SEGUROS</i>	<i>494,06 €</i>
<b><i>TOTAL INDIRECTOS</i></b>	<b><i>7.166,74 €</i></b>
<b><i>TOTAL = DIRECTOS + INDIRECTOS</i></b>	<b><i>28.837,55 €</i></b>

**6(1145).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL 1.08.14, QUE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CON OIDE S.L. PARA PROGRAMACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS DE VIGO. EXPTE. 5767/335.**

Dáse conta do informe-proposta do secretario de Admón. Municipal do 14.10.14, conformado polo concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1. Por acordo de data 1 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o texto do convenio de colaboración entre esta Administración municipal e a mercantil Organización de Ideas de Éxito, S.L. (no sucesivo OIDE, SL), sociedade xestora do Auditorio do Palacio de Congresos de Vigo, para a programación e organización no dito auditorio das actividades artísticas e socioculturais previstas no convenio, autorizando a tal fin un gasto por importe de 500.000 euros.

2. Contra este acordo don Óscar Lomba Álvarez interpuxo recurso de reposición, que tivo entrada nesta Administración municipal o 18 de setembro de 2014.

Aduce, en síntese, o recorrente no seu escrito de recurso:

*En primeiro lugar que, de acordo coas cláusulas 1, 2 e 50 do PCAP do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, a mercantil titular da concesión da obra pública Pazo de Congresos de Vigo, S.A. non podería concertar con OIDE, S.L. o aluguer do Auditorio-Pazo de Congresos ao non ser esta última mercantil unha sociedade vinculada coa concesionaria nos termos do Texto Refundido da Ley de Contratos das Administracións Públicas e non figurar o seu nome “en ningures do convenio que se asinou o día 2 de maio de 2006 trala formalización dun contrato de concesión de obra pública” «sic».*

*En segundo termo, que os requisitos de capacidade e solvencia financeira, económica e técnica que se lle esixe a calquera empresa que contrata coas diferentes administracións públicas non concorren en OIDE, SL, habida conta do exíguo capital social desta, a contía da subvención — superior en 167 veces o capital social de OIDE, SL— e os erros cometidos pola mesma mercantil ao contabilizar os eventos culturais e os gastos previstos na actividade a que se refire o convenio, que revelarían tal insolvencia financeira e técnica. Engade, asimesmo, que OIDE, SL non presentou as súas contas anuais no Rexistro Mercantil, o que proxecta, tamén, unha sombra de dúbida e incerteza sobre a solidez e solvencia desta sociedade.*

*Alega o recorrente, a continuación, que non resulta procedente que o Concello de Vigo se comprometa a garantir a capacidade de financiamento da concesionaria nin da programación, organización e execución das actividades programadas por OIDE, SL, pois de acordo coa cláusula 61 do PCAP do contrato de concesión da obra pública, en ningún caso dará lugar ao restablecemento do equilibrio económico-financiero a non obtención pola titular da concesión da rendabilidade esperada da explotación da obra pública, sendo os resultados das contas de explotación da concesionaria de exclusivo risco desta, sen que a Administración concedente esté obrigada a asegurar un nivel mínimo de rendementos.*

*Aduce, por último, o reclamante, tras reproducir o artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións, sobre o procedemento de concesión das subvencións, e parcialmente o informe da Intervención Xeral do Concello de Vigo en relación á concesión directa da achega económica prevista no convenio, que o modelo de subvención nominativa do artigo 22.2 LXS non é a formula idónea ao caso, pois a entidade beneficiaria carece da necesaria solvencia financeira, económica e técnica e*

non figura o seu nome “en ningures do convenio que se asinou o día 2 de maio de 2006 trala formalización dun contrato de concesión de obra pública” «sic»: a subvención de que se trata — conclúe o recorrente— debería tramitarse en réxime de concorrencia competitiva pública que permitise a outras entidades optar a devandita subvención.

3. En cumprimento do artigo 112.2 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común deuse traslado do recurso ás mercantís interesadas para que no prazo de dez días alegasen canto estimen procedente.

4. En relación cos erros denunciados pola recorrente na documentación do expediente, na que se contabilizan os eventos culturais e os gastos previstos na actividade a que se refire o convenio, a Xefa do Servizo de Festas, co conforme do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, emitiron, con data 29 de setembro de 2014, informe, do que procede transcribir o que segue:

«Que durante a tramitación do expediente 5664/335 'Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Xestora do Auditorio do Pazo de Congressos de Vigo para a programación e organización de actividades socioculturais no Auditorio do Pazo de Congressos durante o ano 2014', utilizáronse por erro, dous documentos de Presuposto (Anexo II do Convenio) diferentes:

1) O primeiro documento foi entregado impreso en papel pola empresa Organización de Ideas de Éxito, S.L., (OIDE) xunto co resto da documentación necesaria, para a tramitación do convenio neste Servizo de Festas. Neste documento a suma da programación ascende a 666.478,33 euros, e sobre este importe realizáronse os diferentes informes que conforman o expediente; aparecen detallados un total de 57 eventos.

2) O segundo documento foi enviado pola empresa Organización de Ideas de Éxito, S.L. (OIDE) uns días despois a través do correo electrónico, a petición do servizo de Festas coa finalidade de engadirse ao expediente no programa de tramitación electrónica de expedientes. Este documento incorporouse como anexo ao texto do convenio que finalmente foi asinado polas partes. A suma dos custos da programación neste segundo documento ascende a 663.350,98 euros.

Analizadas as diferenzas entre ambos os dous documentos detéctase que no segundo:

- a) Non aparece o evento nº 24 “Teresa Rabal” valorado en 2.898,00 euros;
- b) O evento nº 19 “Jorge Drexler” valórase en 3.211,00 euros cando no primeiro documento aparecía valorado tamén en 2.898,00 euros (valores sen IVE).
- c) Aínda que aparecen numerados correlativamente os 57 eventos, foi suprimido o evento nº 24 polo que o número final de eventos a realizar é de 56, e non de 57 como aparece no informe-proposta.

Enténdese que estas diferenzas obedecen a cambios na programación xurdidos no período de tempo transcorrido entre a presentación do primeiro documento impreso en papel, e o segundo enviado por correo electrónico pola empresa, e que foi finalmente anexado ao expediente. Por razóns que descoñece esta xefatura, a empresa Organización de Ideas de Éxito S.L. (OIDE) non resaltou estes cambios.

En ambos os dous casos, os sumatorios dos importes indicados pola empresa son erróneos. A suma correcta dos importes do primeiro documento debería ser 668.293,83 euros incluíndo o IVE, e a suma do segundo documento 665.165,98 euros co IVE, coincidindo co valor que sinala D. Oscar Lomba Álvarez no recurso de reposición.

No entanto, non se considera que as diferenzas numéricas observadas afecten ao obxecto do convenio asinado, tendo en conta a súa mínima incidencia no valor total da programación, que son meras previsións de gastos, e sobre todo porque o pagamento derivado deste convenio debe suxeitarse ao establecido no pacto noveno do texto do convenio, no que se recolle que " A ENTIDADE deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos na primeira quincena de decembro de 2014. A tal efecto deberá presentar xunto ás solicitudes dos pagamentos parciais:

a) Memoria parcial de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas durante o período obxecto de xustificación, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria parcial económica xustificativa do custo final das actividades realizadas durante o período obxecto de xustificación. (...)».

Remata o informe sinalando que constatados polo Servizo de Festas os erros advertidos polo recorrente se procede polo servizo ao inicio dos trámites para, ao abeiro do artigo 105 LRXAP-PAC, rectificar e subsanar o erros aritméticos e de numeración nos que incorre a documentación do expediente.

5. Por escrito presentado o día 7 de outubro de 2014, a mercantil titular da concesión da obra pública, Pazo de Congresos de Vigo, S.A., opúxose ao recurso de reposición, alegando a inadmisibilidade do mesmo por falta de interés lexítimo no recorrente; que a posibilidade de contratar con terceiros a explotación del Auditorio-Pazo de Congresos non é controvertida e que tal cuestión foi xa resolta por resolución administrativa firme.

6. Máis extensa e a oposición que, con data 8 de outubro de 2014, formulou a entidade OIDE, SL ao recurso de reposición, aducindo a inadmisibilidade do mesmo, tanto por extemporaneidade do recurso como por falta de interés lexítimo no recorrente, e, subsidiariamente, a súa desestimación.

Alega, en resumo, esta interesada como motivos para a desestimación do recurso que:

«(...) en ninguno de los argumentos en los que fundamenta su impugnación se hace referencia expresa ni alusión a ningún supuesto incumplimiento legal ni reglamentario en que pudiera incurrir la actuación administrativa que recurre, es decir, no se indica, ni menos aún se razona ni justifica, qué supuestos preceptos normativos se han podido incumplir con la suscripción del Convenio de Colaboración y el otorgamiento de la ayuda pública para el desarrollo del programa de actividades de interés público municipal.

Es más, de la propia lectura del escrito de recurso esta mercantil desconoce a ciencia cierta cuál es el concreto acto o actuación administrativa que el Sr. Lomba impugna realmente ya que a lo largo del mismo arremete contra multitud de distintas y diferentes actuaciones administrativas y negocios jurídicos que no guardan todos ellos relación directa entre sí, por lo que desconoce esta mercantil si su recurso se limita al Acuerdo municipal de 1 de agosto de 2014 o si por el contrario e indirectamente pretende extender su recurso también al expediente de adjudicación del contrato de concesión de obra pública; al contrato de arrendamiento de la zona pública del complejo inmobiliario objeto de concesión; al expediente de aprobación de los Presupuestos Municipales para el ejercicio 2014 y en particular a la partida presupuestaria autorizada para financiar el

*Convenio de Colaboración cuestionado; etc, etc, etc (pretensión e impugnación indirecta que no resultaría procedente por las mismas razones temporales y de legitimación activa anteriormente expuestas)Así:*

*En algunas partes del recurso se refiere y formula reproches frente al clausulado del. "Contrato de concesión de obra pública para la construcción y explotación de un Auditorio-Pazo de Congresos (...). En este sentido, tan solo señalar que mi representada no resultó ser adjudicataria de aquél contrato, ni tampoco guarda relación ni vinculación alguna con la sociedad concesionaria (de hecho así lo reconoce el propio recurrente, lo cual denota cierta incoherencia en su argumentación); ni tampoco el Convenio de Colaboración en cuestión guarda relación directa con aquel contrato administrativo. Es más, tampoco resultaría susceptible de recurso aquel contrato ni su procedimiento de adjudicación, en tanto se trata de actos firmes a todos los efectos».*

*En relación á crítica do contrato de aluguer asinado por OIDE, SL coa concesionaria Pazo de Congresos de Vigo, SA, adúcese que «(...) dicho contrato privado es válido y eficaz, amén de resultar conforme con la documentación contractual y demás normativa rectora del contrato administrativo de concesión de obra pública, así como con el propio Reglamento de Régimen de Funcionamiento del Auditorio Pazo de Congresos (aprobado por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 21 de octubre de 2011) y en particular con sus artículos 2, 7.1. 10 y 39, de los que se infiere, y por tanto permiten, que la sociedad concesionaria pueda concertar con terceros (en este caso con mi representada) la gestión de la zona pública de la obra. Es más, y en coherencia con tal previsión, dicho contrato de arrendamiento ha sido expresamente autorizado por Acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 23 de junio de 2014 (...)».*

*«El recurrente —prosegue esta interesada— parece confundir (interesadamente) los requisitos de aptitud (en concreto de solvencia) para ser contratista del sector público con los requisitos para ostentar la condición de entidad beneficiaria de una ayuda pública, que ciertamente son distintos, amén de regularse en distintos cuerpos normativos, los primeros en la normativa de contratación del sector público (en el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, y en concreto en sus artículos 75 y siguientes) y los segundos en la normativa estatal (Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, en concreto en su artículo 13) y autonómica gallega de subvenciones (Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, y en concreto en su artículo 10) así como en las bases de ejecución del presupuesto general del año 2014 del Ayuntamiento de Vigo.*

*En este sentido, tan solo reiterar el cumplimiento por parte de mi representada de todas cuantas condiciones vienen exigidas normativamente para ostentar la condición de beneficiario de una ayuda pública, tal y como consta debidamente acreditado en el expediente administrativo (...)».*

*Continuando coa alegada falta de solvencia de OIDE, SL para ser contratista da Administración, adúcese no escrito de oposición o infundado de tal aserto e que non cabe «tratar de vincular (y confundir) la solvencia económico-financiera de una sociedad con su cifra de capital social, y más aún con el carácter unipersonal que en sus orígenes tuvo esta mercantil (que por cierto fue constituida en septiembre de 2008 y no en septiembre de 2013 como erroneamente señala el recurrente), ya que se trata de cuestiones distintas que nada o poca relación ni influencia tienen de cara a determinar si una sociedad tiene solvencia económico y financiera suficiente para ser contratista de una Administración Pública (requisito de solvencia que, como hemos señalado, no*

*resulta exigible en el régimen de subvenciones tal y como se desprende de los preceptos legales anteriormente invocados al efecto).*

*Es más —prosegue—, mayor confusión pretende generar el recurrente al vincular los supuestos errores en las estimaciones de ingresos y gastos del proyecto subvencionado con la cláusula 61 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que rige el contrato de concesión de obra pública, relativa al equilibrio económico-financiero del contrato de concesión de obra pública. Como ya se ha indicado con anterioridad, ni mi representada es la sociedad concesionaria de la obra pública ni el Convenio de Colaboración se circunscribe en el ámbito de aquella relación contractual-concesional (...)*»

*E, por último, que «como consta debidamente razonado y justificado en los distintos informes técnicos municipales que obran en el expediente administrativo, el otorgamiento de la financiación pública municipal para el desarrollo de la actividad subvencionada (de interés público y social) que conforma el objeto del Convenio de Colaboración suscrito entre ese Ayuntamiento y mi representada, no sólo se ha venido a amparar en la causa prevista en el artículo 19.4.a) de la Ley de Subvenciones de Galicia (y correlativo artículo 22.2.a) de la Ley General de Subvenciones), y en concreto que la misma venía recogida en los Presupuestos Municipales aprobados para el ejercicio 2014 (previsión presupuestaria que por cierto no ha sido impugnada por el ahora recurrente, y por tanto también le resulta firme y consentida); sino que también se ha fundamentado en las especiales y excepcionales razones de interés público y social que concurren en la actividad subvencionada, en tanto en cuanto la "programación e organización de actividades artísticas e socioculturales no Auditorio do Pazo de Congressos de Vigo durante o ano 2014" (objeto del Convenio de Colaboración) tiene por objetivo y finalidad "apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade, e achegar á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posibel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais no fomento de actividades de interese cultural e social que se celebren na cidade de Vigo" y que, como es lógico, se encuentran dentro del marco competencia! del Ayuntamiento de Vigo, "de conformidade cos artigos 25.l e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia", cual es la promoción de la cultura y el desarrollo de actividades culturales».*

*Neste sentido a representación de OIDE, SL chama a atención sobre o feito de que «el recurrente se limita a criticar y rechazar que nos encontremos ante una subvención nominativa que pueda amparar la concesión directa de la ayuda en cuestión (argumento que no compartimos en tanto la subvención viene recogida en los presupuestos municipales aprobados para el año 2014), guardando por su parte escrupuloso silencio respecto de la concurrencia de las especiales y excepcionales razones de interés público que también amparan la concesión directa de la ayuda vía convenio de colaboración, cuales son la promoción cultural en la ciudad de Vigo a través de la organización de actividades artísticas y socioculturales en el Auditorio del Pazo de Congressos de Vigo durante el año 2014»; silencio que «permite pensar y presumir que el recurrente reconoce el interés público y social que subyace en el programa de actividades que conforma el objeto del Convenio de Colaboración (...) el propio recurrente no lo pone en duda, lo cual determina que no se trate de un hecho controvertido, sino un hecho acreditado y demostrado que ampara la correcta actuación administrativa que aquí parece cuestionarse (Acuerdo municipal de 1 de agosto de 2014; la posterior suscripción del Convenio de Colaboración y las posteriores actuaciones de desarrollo y justificación de la actividad subvencionada).*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

*Primeira.*- As alegacións dos escritos de oposición ao recurso aducidas polas interesadas e o informe da Xefa de Festas e do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, que vimos de transcribir parcialmente máis arriba, dan adecuada resposta aos reproches formulados polo recorrente en relación ao acto administrativo impugnado.

Tales alegacións poden ser desenvolvidas e sistematizadas nas que a continuación se expoñen, as cales xustifican cumpridamente a desestimación do recurso. E isto porque:

— Canto a contratación da xestión do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” por parte de Pazo de Congresos de Vigo, SA con OIDE, SL, baste dicir que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de 21 de outubro de 2011, aprobou o “Régime de funcionamento do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo”, cuxo artigo 2, tras sinalar que o Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” é un ben inmovible municipal que ten como finalidade o desenvolvemento de espectáculos públicos, actividades socioculturais, reunións e congresos e que a súa explotación foi cedida en réxime de concesión a sociedade Pazo de Congresos de Vigo, SA, dispón que esta sociedade «encargarse da súa xestión e explotación para cumprir coa súa finalidade por si ou a través de terceiros» e que «A utilización do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” efectuarase pola Sociedade Concesionaria a través dunha empresa á que se encomendará a xestión e explotación do mesmo (en adiante a “Sociedade Xestora”)».

E así, en desenvolvemento desta disposición do Regulamento do Régime de Funcionamento do Auditorio-Pazo de Congresos, faise ao longo do seu texto continua referencia á esta Sociedade Xestora: «Fora do espazo temporal cedido ao Concello, a Sociedade concesionaria ou a Sociedade Xestora xestionarán o Auditorio-Pazo de Congresos organizando eventos sen máis limitación que a que derive do Prego e do previsto neste Regulamento» (artigo 7.2); «A Sociedade Concesionaria ou a Sociedade Xestora establecerán os horarios de funcionamento que libremente dispoñan para adaptarse ao programa de eventos» (artigo 9); «A Sociedade Concesionaria ou Xestora explotará o Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, asumindo o risco económico da súa xestión e respectando os requisitos e condicións sinalados no Prego, no Prego de Prescricións Técnicas Particulares e nos termos establecidos na oferta presentada pola Sociedade Concesionaria» (artigo 10); «A organización do evento (...) aportará (...) á Sociedade Xestora os seguintes datos (...)» (artigo 18); «As tarifas pola utilización do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” e as posibles bonificacións que se concedan, serán propostas pola Sociedade Concesionaria ou a Sociedade Xestora e aprobadas polo Concello de Vigo (...)» (artigo 22); «Para que a reserva das instalacións sexa considerada firme, deberá abonarse, como liquidación provisional, a porcentaxe que considere a Sociedade Xestora (...)» (artigo 24); « (...) podendo a Sociedade Xestora, en caso de impago, cobra-los intereses que correspondan (...)» (artigo 25); os solicitantes, unha vez autorizado o desenvolvemento do evento respectarán sempre «as directrices marcadas respecto ao funcionamento pola Sociedade Xestora» e «non poderán ceder, subarrendar ou transferir todos ou parte dos seus dereitos co Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” sen o previo consentimento da Sociedade Xestora» (artigo 29); «A montaxe dos stands e escenarios iniciarase dentro do prazo sinalado pola organización do evento e aprobado pola Sociedade Xestora» (artigo 30); a colocación de carteis, pancartas, pegatinas etc no edificio deberán ser previamente autorizados pola Sociedade Xestora (artigo 32); «Tódalas instalacións de elementos eléctricos, de son, informáticos etc., deben conducirse polos lugares indicados pola Sociedade Xestora (...)» (artigo 35); «A Sociedade xestora comunicará ao organizador o lugar axeitado de almacenaxe dos materiais (...)»; e, por último, «A Sociedade Concesionaria Pazo de Congresos de Vigo, S.A. ou no seu caso, a Sociedade Xestora, unicamente poderá concertar con terceiros as prestacións accesorias relativas á conservación e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”», debendo ser postos

*ditos contratos en coñecemento do Concello de Vigo, con indicación das súas cláusulas e condicións, co fin de que este os autorice no prazo dun mes» (artigo 39).*

*E, é en aplicación destas disposicións do Regulamento do Réxime de Funcionamento do Auditorio-Pazo de Congresos, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 21 de outubro de 2011, que a xestión deste equipamento cultural foi desenvolvida nun primeiro momento por Congrevigo, SL e na actualidade por OIDE, SL.*

*— Porque, de conformidade co artigo 25.2. m) da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, trala modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, e 80.2. n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, «O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*O exercizo desta competencia de promoción da cultura entre a comunidade veciñal pode ter lugar xa organizando e proporcionando o propio Municipio —directa ou indirectamente— o acceso da cidadanía ao acontecemento cultural, xa mediante a actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento cuxa manifestación máis importante é a da subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, como achegas económicas sen contraprestación directa da beneficiaria, suxeitas á realización dun proxecto, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é, no que aquí importa, a promoción da cultura.*

*Pois ben, no caso que nos ocupa, foi a acción administrativa de fomento, a través da concesión dunha subvención, o medio elixido polo Concello de Vigo para o exercicio da súa competencia en materia de promoción da cultura, concretada no propósito municipal —de indubidable interese público e social— de "apoiar e potenciar a oferta cultural e de ocio da cidade e achegar á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posibel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais no fomento de actividades de interese cultural e social que se celebren na cidade de Vigo".*

*E o procedemento para o outorgamento desta subvención foi o da concesión directa, pois se ben os artigos 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia dispoñen que «O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva», os ditos artigos establecen a continuación que «Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións».*

*O Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" é a plasmación dunha vella aspiración colectiva da sociedade viguesa e, no que aquí importa, unha infraestrutura cultural modélica e paradigmática para os anos vindeiros tanto pola súa capacidade —a maior con moito da cidade—, como polas súas características acústicas e funcionais; capacidade e características acústicas e funcionais que fan dela o espazo máis idóneo para o desenvolvemento polo Concello de Vigo do seu proxecto de apoio e fomento da oferta cultural e de ocio da cidade.*

*É por estas razóns —e non, como a continuación veremos, polas que o recorrente invoca— que o Pleno do Concello de Vigo aprobou, por vintecatro votos a favor e tres en contra dos concellei-*

ros do BNG, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo e, dentro deles, a aplicación orzamentaria 3380.4700002, denominada "Convenio promoción cultural Auditorio Mar de Vigo", na que se consigna o crédito orzamentario, por importe de 500.000 euros, previsto polo Pleno da Corporación Municipal para promover unha programación de actividades artísticas e socioculturais no Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo.

— Porque o Pleno da Corporación municipal coa subvención que nos ocupa non pretende garantir o financiamento do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", pois de tal financiamento responden xa as mercantís ás que se lle adjudicou a concesión da obra pública —accionistas da sociedade "Pazo de Congresos de Vigo, S.A.—; mercantís de sobrada solvencia, que na actualidade son Testa Inmuebles S.A., Abanca S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U. e Puentes y Calzadas S.A.

Así resulta do prego de cláusulas administrativa particulares do contrato, de acordo co cal, «O adxudicatario do concurso obrígase a constituir una sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato, que será a titular da concesión» (cláusula 20.1); «Os accionistas da sociedade concesionaria obríganse a manter a mesma nunha situación patrimonial saneada, evitando incorrer nos supostos de desequilibrio patrimonial regulados na Ley de Sociedades Anónimas. Neste sentido, cando a situación patrimonial da sociedade concesionaria o requira, os adxudicatarios deberán adoitar as medidas contempladas pola normativa mercantil que estimen convintes tendentes a sanear o dito patrimonio social». (Cláusula 20. 7 PCAP); «A sociedade concesionaria non se poderá disolver ata que remate o prazo de concesión e se produza a entrega ao Concello da totalidade da obra pública, obxecto da concesión, nas condicións establecidas neste prego». (Cláusula 20. 8 PCAP); «No caso de perdas acumuladas que deixen reducido o patrimonio neto contable por debaixo da metade do capital social, este será ampliado a fin de evitar a causa de disolución do artigo 260.4 do Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas». (Cláusula 21. 3 PCAP).

— Porque a subvención aprobada polo Pleno da Corporación Municipal, no exercizo das súas competencias propias en materia de promoción da cultura, o é para a organización de actividades artísticas e socioculturais no maior e mellor equipamento cultural da cidade e é unha subvención nominativa pois o beneficiario ven determinado pola súa condición de xestor da explotación de tal equipamento cultural; e como subvención nominativa que é canalízase a través dun convenio, pois, de acordo cos artigos 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, «Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente».

— Porque os requisitos para obter a condición de beneficiario dunha subvención establécense nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e entre estes non figura unha determinada cantidade mínima de capital social cando de sociedades mercantís se trate; porque no expediente acredítase o cumprimento por parte de OIDE, SL dos requisitos para ser beneficiario da subvención de que tratamos e, en fin, porque, ao tratarse dunha relación subvencional e non contractual non lle son esixibles a OIDE, SL as condicións de solvencia financeira e técnica que se lle esixirían se a relación fora contractual.

Pero é que, ademáis, nin o Texto Refundido da Ley de Contratos do Sector Público nin o seu regulamento esixen determinada cifra mínima de capital social nas mercantís participantes nun procedemento de contratación pública para acreditar a súa solvencia financeira e técnica; como moito —referíndonos agora ao contrato de servizos— toma en consideración o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Pública, a efectos da clasificación das empresas, a relación que exista entre o importe medio anual dos fondos propios nos últimos tres exercicios

e o importe, tamén medio anual, dos contratos de servizos executados no mesmo período de tempo (artigo 39.3.d); relación que pode mellorar a categoría na que a empresa se clasifique.

Con todo, a solvencia financeira e técnica esixible a sociedade xestora do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” nun eventual contrato de servizos que puidera concluir con esta Administración municipal para a prestación de servizos culturais —Categoría 26. Servizos de lecer, culturais e deportivos, do Anexo II do TRLCSP, aprobado por RDL 3/2011, de 14 de novembro— podería acreditarse por calquera dos medios previstos nos artigos 75 e 78 TRLCSP, sen que, de acordo co artigo 65.1 do TRLCSP lle fora esixible a esixencia da clasificación ao tratarse dun contrato da categoría 26—Servizos de lecer, culturais e deportivos— do Anexo II do TRLCSP; medios de acreditación que non fan referencia ao capital social da contratista e que podría perfectamente utilizar OIDE, SL para xustificar a súa solvencia económica e técnica.

— Polo demais os erros materiais e diferenzas numéricas advertidas na documentación do expediente carecen de virtualidad suficiente para poner en cuestión a capacidade da empresa xestora do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” para o desenvolvemento da programación artística e cultural convida entre esta Administración municipal e OIDE, SL, pois como se sinala no informe técnico arriba transcrito tales erros non afectan ao obxecto do convenio asinado, habida conta «a súa mínima incidencia no valor total da programación, que son meras previsións de gastos, e sobre todo porque o pagamento derivado deste convenio debe suxeitarse ao establecido no pacto noveno do texto do convenio», esto é a xustificación acabada de todos e cada un dos gastos incorridos a consecuencia da actividade subvencionada; gastos que en canto resulten menores dos inicialmente previstos darán lugar, tamén, a redución da subvención.

Segunda.- As razóns que se acaban de expoñer xustifican cumpridamente a desestimación do recurso de reposición interposto por don Óscar Lomba Álvarez contra o acordo de que tratamos; sen embargo o recurso non pode ser desestimado, senón que debe ser inadmitido. E debe ser inadmitido porque o recorrente carece de lexitimación activa, por falta de interés lexítimo, para interpoñer o recurso.

O artigo 107 LRXAP-PAC establece que «Contra as resolucións e actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 desta Lei».

A recente sentenza da Sala Terceira del Tribunal Supremo, de 30 de xuño de 2014, dictada no recurso contencioso-administrativo núm. 520/2013, resume a consolidada doutrina xurisprudencial sobre que debe de entenderse por interés lexítimo.

«Pues bien, la delimitación precisa de lo que sea el interés legítimo, obliga a partir de la consideración inicial de que la legitimación es un presupuesto inexcusable del procedimiento, que implica (por todas, STS de 11 de febrero de 2003, al resolver el Recurso núm. 53/2000 ), una relación material unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto o disposición impugnados), de tal forma que su anulación produzca automáticamente un efecto positivo (beneficio) o negativo (perjuicio), actual o futuro, pero cierto (como subrayan las SsTC 105/1995, de 3 de julio, F. 2 ; 122/1998, de 15 de junio, F. 4; y 1/2000, de 17 de enero , F. 4).

*Las SsTS de 23 de junio de 1997 y de 17 de febrero de 1998 aseguran que el interés legítimo "debe tener una entidad sustantiva", de modo que "debe ser el mismo el que esté en la base del procedimiento administrativo y del proceso contencioso- administrativo de impugnación de las resoluciones dictadas en aquél", añadiendo que "si se niega la condición de parte en el procedimiento administrativo, por falta de interés en él, falta ya una base (en términos sustancialistas) para poder sustentar esa misma condición en el ulterior proceso impugnatorio de actos de aquél, pues el mero dato formal de la existencia de un acto dictado en el procedimiento administrativo no tiene entidad para alumbrar un interés nuevo, diferenciable del inexistente antes".*

*Cierto es que, como ha sentado nuestro TS, el más restringido concepto de "interés directo" del artículo 28.a) de la antigua Ley de la Jurisdicción Contencioso- Administrativa de 1956 debe ser sustituido por el más amplio de "interés legítimo", aunque sigue siendo una exigencia indeclinable la existencia de un "interés" como base de la legitimación. Como decía la STS de 15 de diciembre de 1993 , aludiendo a la doctrina del Tribunal Constitucional sobre la ampliación del interés tutelable, en cuanto presupuesto de la legitimación, el mismo garante de la Norma Fundamental ha precisado que la expresión "interés legítimo ", utilizada en el artículo 24.1 de la CE, aun cuando sea un concepto diferente y más amplio que el de "interés directo", ha de entenderse referida a un interés en sentido propio, cualificado o específico (STC 257/1989, de 22 de diciembre ), lo que en el ámbito del Tribunal Supremo ha llevado a insistir en que la relación unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto impugnado), con la que se define la legitimación activa, comporta el que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto ( STS de 1 de octubre de 1990 ), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa puede repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto, su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento (SsTS de 4 de febrero de 1991, 17 de marzo y 30 de junio de 1995, 12 de febrero de 1996, 9 de junio de 1997 y 8 de febrero de 1999, entre otras muchas; SsTC 60/1982, 62/1983 , 257/1988, 97/1991, 195/1992, 143/1994 y ATC 327/1997).*

*La Ley Jurisdiccional de 13 de julio de 1998, artículo 19.1.a), siguiendo las mencionadas pautas jurisprudenciales, y ya sin distinguir entre impugnación de actos y disposiciones, reconoce legitimación a "las personas físicas o jurídicas que ostenten un derecho o interés legítimo " y, al propio tiempo, a "las corporaciones, asociaciones, sindicatos y grupos o entidades a que se refiere el artículo 18 -grupos afectados, uniones sin personalidad o patrimonios independientes o autónomos al margen de su integración en las estructuras formales de las personas jurídicas- que resulten afectados o estén legalmente habilitados para la defensa de los derechos e intereses legítimos colectivos".*

*Pese a esta amplitud, el concepto de interés legítimo no puede ser asimilado al de interés en la legalidad, que haría equiparable la legitimación en el orden jurisdiccional contencioso-administrativo —por ende, también en la esfera administrativa— a la legitimación popular, que sólo en los casos expresamente contemplados en la Ley es admisible, conforme actualmente determina el artículo 19.1 de la vigente Ley Jurisdiccional. (...) Por interés, que la normativa vigente califica bien de "legítimo, personal y directo", o bien, simplemente, de "directo" ó de "legítimo, individual o colectivo", debe reputarse toda situación jurídica individualizada, caracterizada, por un lado, por singularizar la esfera jurídica de una persona respecto de la generalidad de los ciudadanos o administrados en sus relaciones con la Administración Pública, y dotada, por otro, de consistencia y lógica*

*jurídico- administrativa propias, independientes de su conexión o derivación con verdaderos derechos subjetivos.*

*Salvo en los supuestos en que el ordenamiento reconoce legitimación para ejercer la acción pública, no basta como elemento legitimador bastante el genérico deseo ciudadano de la legalidad, pues es necesaria una determinada relación con la cuestión debatida. En efecto, la legitimación no ampara el puro interés por la legalidad, salvo en los limitados casos de la acción popular, porque, en ese supuesto, se estaría privando de toda efectividad real al criterio de la legitimación previsto en el artículo 19 de la Ley 29/98 y en el artículo 31 de la Ley 30/1992, ni comprende un interés frente a agravios potenciales o futuros (conforme ha señalado reiterada Jurisprudencia del TS, por todas Sentencias de 8 de julio de 1986 , 31 de mayo de 1990, 4 de febrero de 1991 y 14 de marzo de 1997)».*

*Trasladando as premisas precedentes ao caso que nos ocupa, é claro que non concorre en don Óscar Lomba Álvarez a condición de interesado, toda vez que este non xustifica a súa relación material unívoca co obxecto da pretensión —o acto impugnado—, de tal xeito que a súa anulación produza automáticamente un efecto positivo (beneficio) ou negativo (prexuízo), actual o futuro, pero certo; antes ao contrario, don Óscar Lomba Álvarez xustifica o seu interés na pretensión «de que a Administración local sirva con obxectividade aos intereses xerais e actúe de acordo co resto dos principios constitucionais recollidos no artigo 103.1 de constitución Española de 1978» (Consideracións Técnico Xurídicas do recurso, apartado B: Sobre a pertinencia do recurso). O puro interés na defensa da legalidade que invoca o recorrente nunha materia como é a que nos ocupa na que no existe a acción pública determina a inadmisibilidade do recurso e impide a súa desestimación polas razóns expostas que xustifican cumpridamente o axuste da actuación administrativa impugnada ao ordenamento xurídico.*

Terceira.- *É competente para resolver sobre o presente recurso a Xunta de Goberno Local ao ser o órgano do que provén o acto impugnado (artigo 116 LRJAP-PAC)*

*Polo exposto, e sen prexuízo de que se proceda a rectificación dos erros materiais advertidos polo recorrente no seu escrito de recurso, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO*

*PRIMEIRO.- Inadmitir o recurso potestativo de reposición interposto por don Óscar Lomba Álvarez contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 1 de agosto de 2014, polo que se aprobou o texto do convenio de colaboración entre esta Administración municipal e a mercantil Organización de Ideas de Éxito, S.L., sociedade xestora do Auditorio do Palacio de Congresos de Vigo, para a programación e organización no dito auditorio das actividades artísticas e socioculturais que no convenio se prevén, e se autorizou a tal fin un gasto por importe de 500.000 euros.*

*SEGUNDO.- Notifíquese o acordo a don Óscar Lomba Álvarez con indicación de que o mesmo pon fin á vía administrativa e é inmediatamente executivo e que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo contra este acordo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución. Isto sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime oportuno.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1146).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI) PARA O DESENVOLVEMENTO E DIFUSIÓN DAS XORNADAS TÉCNICAS VIGO SMART CITY E ANÁLISE DE NECESIDADE DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS. EXPTE. 11092/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 11.09.14, o informe de fiscalización do 9.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 16.10.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión de Promoción Cultural, o concelleiro de Área de Cultura, Festas e Museos e o concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector das enerxías renovables e a eficiencia enerxética, fomentando o coñecemento e uso das enerxías renovables e da mellora da eficiencia enerxética, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa fundación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo", xa que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

*..."*

*O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo".*

*A colaboración coa "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo", dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais e/ou mantendo os realizados con cargo ao Plan Municipal de Emprego 2013, así como os necesarios para o bo desenvolvemento do proxecto, se dinamice a inserción en profesións relacionadas co sector das enerxías renovables e a creación de novos postos no mercado laboral concedendo a oportunidade de obter unha formación teórico-práctica que lles permita mellorar sus opcións de empregabilidade, así como mellorar, mediante os proxectos desenvolvidos no entorno das "smart cities" desde a "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo", o tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.*

*Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento do emprego no 2014, promove a formación de persoas e fomenta a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego e mellorando, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia vigue-*

sa, así como optimizar en todo momento a súa economía, as políticas de aforro, a eficiencia enerxética e a promoción das fontes renovables de enerxía.

Para acadar esta optimización de recursos, así como a normativa a aplicar, FAIMEVI, propón conforme á memoria substitutiva de data 23/09/2014 a realización de dez (10) novas contratacións (5 titulados de grao medio e 5 auxiliares administrativos), persoal que pola premura e necesidade de levar a bo término o proxecto, contará para a coordinación e dirección técnica e administrativa do mesmo, con tres técnicas da entidade, que garantan o bo desenvolvemento de dous proxectos de interese municipal como son:

- As terceiras xornadas técnicas dentro da estratexia "SMART CITY", na que se desenvolverán as:
  - Actividades:
    - Difusión das xornadas.
    - Organización do evento.
    - Xestión de inscricións.
    - Realizar enquisas de opinión e análise.
  - Obxectivos:
    - Acadar a máxima difusión do evento.
    - Mellorar o coñecemento sobre o proxecto Vigo Smart City.
- Estudo das necesidades de puntos de recarga para vehículos eléctricos na cidade:
  - Elaboración dun Plan director para o Desenvolvemento da mobilidade de baixo impacto que:
    - Modifique e redacte nova ordenanza de mobilidade.
    - Favoreza a introdución de vehículos de baixo impacto ambiental.
    - Desenvolva unha infraestrutura de recarga de apoio.
  - Obxectivos:
    - Análise de necesidade de puntos de recarga.
    - Elaboración dunha ordenanza do vehículo eléctrico.

Todas estas actividades propostas por FAIMEVI considéranse accións de interese para a nosa cidade, promovendo o uso racional dos medios enerxéticos, fomentando políticas de aforro, eficiencia enerxética e da promoción das fontes renovables de enerxía.

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada co uso e fomento das enerxías renovables, no marco de proxectos relacionados co uso racional dos recursos enerxéticos e das auditorías das mesmas e da organización de eventos de carácter tecnolóxico.
- 6. Acadar a máxima difusión das xornadas técnicas "Vigo Smart Cities & Communities 2014".
- 7. Mellorar o coñecemento sobre o proxecto Vigo Smart City entre a cidadanía.
- Realizar un estudo das necesidades de puntos de recarga para vehículos eléctricos na cidade.
- 8. Elaborar unha ordenanza do vehículo eléctrico.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e im-

plicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.

- Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.
- Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.
- Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.
- Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.

A xustificación da concesión dunha subvención de forma directa a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), realizase tendo en conta os custes estimados conforme a aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación do persoal e consolidación de emprego proposto pola entidade coa realización de dez(10) novas contratacións (5 titulados de grao medio e 5 auxiliares administrativos), persoal que pola premura e necesidade de levar a bo término o proxecto, contará para a coordinación e dirección técnica e administrativa do mesmo, con tres (3) técnicas da entidade, gastos necesarios sin ter en conta outros gastos como aluguer de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc suporía a cantidade de 48.066,65 €, en tando que coa aplicación dos custes salariais propios do convenio aplicable supoñen 79.321,72 €.

Custes da conforme ao convenio de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra:

**Novas contratacións**

Cant	Categoría	Xornada	Salarios	Seg.Social	TOTAL MES	Total postos	Meses
1	Técnico Medio	75,00%	3.656,35 €	852,71 €	4.509,06 €	4.509,06 €	3,5
4	Técnico Medio	75,00%	2.611,68 €	852,71 €	3.464,39 €	13.857,50 €	2,5
5	Aux. Administrativo/a	75,00%	1.975,83 €	645,11 €	2.620,94 €	13.104,70 €	2,5
						31.471,26 €	

**Persola da entidade**

Cant	Categoría	Xornada	Salarios	Seg.Social	Total x Posto	Total postos	Meses
2	Técnico Superior	50,00%	4.292,68 €	1.356,06 €	5.648,74 €	11.297,47 €	4
1	Xefe Superior-Tit.Medio	50,00%	4.047,30 €	1.250,62 €	5.297,92 €	5.297,92 €	4
						16.595,39 €	
<b>CUSTES SALARIAIS TOTAIS</b>						<b>48.066,65 €</b>	

Custes da conforme ao convenio do Concello de Vigo:

Cant	Posto	Grupo	CD	C.ESP	Basicas-Mes	CD_Mes	Esp_Mes	Mensual	Prorrateo paga extra	Cotización Seg.Social	Seg.Social mes	Custes mensuais xomada 100%	Custes mensuais xomada 75%	TOTAL MESES	Meses
1	TECNICO/A MEDIO	A2	25	690	958,98 €	619,47 €	1.073,03 €	2.651,48 €	220,96 €	32,10	922,05 €	3.573,53 €	2.680,15 €	9.380,52 €	3,5
4	TECNICO/A MEDIO	A2	25	690	958,98 €	619,47 €	1.073,03 €	2.651,48 €	220,96 €	32,10	922,05 €	3.573,53 €	2.680,15 €	26.801,49 €	2,5
5	AUXILIAR DE ADMON XERAL	C2	16	166	599,25 €	349,93 €	586,97 €	1.536,15 €	128,01 €	32,10	534,20 €	2.070,35 €	1.552,76 €	19.409,50 €	2,5
														55.591,51 €	

Cant	Posto	Grupo	CD	C.ESP	Basicas-Mes	CD_Mes	Esp_Mes	Mensual	Prorrateo paga extra	Cotización Seg.Social	Seg.Social mes	Custes mensuais xomada 100%	Custes mensuais xomada 50%	TOTAL 4 MESES	Meses
2	TECNICO/A ADMON XERAL	A1	26	680	1.109,05 €	698,20 €	1.268,83 €	3.076,08 €	256,34 €	32,10	1.069,71 €	4.145,79 €	2.072,89 €	16.583,15 €	4
1	TECNICO/A MEDIO	A2	25	690	958,98 €	619,47 €	1.073,03 €	2.651,48 €	220,96 €	32,10	922,05 €	3.573,53 €	1.786,77 €	7.147,06 €	4
														23.730,21 €	

CUSTES SALARIAIS TOTAIS CONCELLO

79.321,72 €

*Establécese no convenio a inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se pretende conceder a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) e o Concello de Vigo.*

*A lexislación aplicable a este convenio será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; o estipulado no RDLG, 1/95 Estatuto Básico dos traballadores, RD 488/98 modificador del artículo 11 del EBT, Ley 35/10 sobre reforma laboral e todas aquelas medidas que o Goberno de España teña realizado e sexan de aplicación antes da sinatura da presente proposta de convenio de colaboración, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/04/2014 ao 31/10/2014), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2014, polo importe de 48.787,65 €, dos que 48.066,65 € son custes salariais e 721,00 € son outros gastos necesarios para a execución do proxecto, e corresponden ao 1,50% dos custes salariais.*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a FUNDACIÓN Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), con CIF: G36921278.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 48.787,65 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2014.*

*TERCEIRO.- Facultar ao Concelleiro da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXIA DE VIGO (FAIMEVI) PARA O DESENVOLVEMENTO E DIFUSIÓN DAS XORNADAS TÉCNICAS VIGO SMART CITY E ANÁLISE DE NECESIDADE DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS.**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil trece

**REUNIDOS**

*Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.*

*Doutra parte, D. Bernardo Parajó Calvo co DNI 52450175D en calidade de Director da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo(FAIMEVI), facultado polo Padroado da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo en xuntanza mantida o 14 de decembro de 2012, con domicilio social en Rúa Oporto, 1 – 1º 36201 de VIGO e CIF G36921278.*

*Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecendo reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.*

**MANIFESTAN**

*PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados, e tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012 e 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo(FAIMEVI)”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
  - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*
- ...”*

*Que a mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo, e a súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados de fomento do Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.*

*A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e so-*

*cial nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector das enerxías renovables e a eficiencia enerxética, fomentando o coñecemento e uso das enerxías renovables e da mellora da eficiencia enerxética, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa fundación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo”.*

*O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo”.*

*A colaboración coa “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo”, dentro do marco do fomento municipal do Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais, e/ou mantendo os realizados con cargo ao Plan Municipal de Emprego 2013, así como os necesarios para o bo desenvolvemento do proxecto, se dinamice a inserción en profesións relacionadas co sector das enerxías renovables e a creación de novos postos no mercado laboral concedendo a oportunidade de obter unha formación teórico práctica que lles permita mellorar sus opcións de empregabilidade, así como mellorar, mediante os proxectos desenvolvidos no entorno das “smart cities” desde a “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo”, o tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.*

*Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento do emprego no 2014, promove a formación de persoas e fomenta a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego e mellorando, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa, así como optimizar en todo momento a súa economía, as políticas de aforro, a eficiencia enerxética e a promoción das fontes renovables de enerxía.*

*Para acadar esta optimización de recursos, así como a normativa a aplicar, FAIMEVI, propón a realización de dez (10) novas contratacións (5 titulados de grao medio (3 por reconversión da proposta inicial de Administrativos xefes de 1ª e 5 auxiliares administrativos), persoal que pola premura e necesidade de levar a bo término o proxecto, contará para a coordinación e dirección técnica e administrativa do mesmo, con tres (3) técnicas da entidade, que garantan o bo desenvolvemento de dous proxectos de interese municipal como son:*

- *As terceiras xornadas técnicas dentro da estratexia “SMART CITY”, na que se desenvolverán as:*
  - *Actividades:*
    - *Difusión das xornadas.*
    - *Organización do evento.*
    - *Xestión de inscricións.*
    - *Realizar enquisas de opinión e análise.*
  - *Obxectivos:*
  - *Acadar a máxima difusión do evento.*
  - *Mellorar o coñecemento sobre o proxecto Vigo Smart City.*
- *Estudo das necesidades de puntos de recarga para vehículos eléctricos na cidade:*
  - *Elaboración dun Plan director para o desenvolvemento da mobilidade de baixo impacto que:*
    - *Modifique e redacte nova ordenanza de mobilidade.*
    - *Favoreza a introdución de vehículos de baixo impacto ambiental.*
    - *Desenvolva unha infraestrutura de recarga de apoio.*

- *Obxectivos:*
  - *Análise de necesidade de puntos de recarga.*
  - *Elaboración dunha ordenanza do vehículo eléctrico.*

*Todas estas actividades propostas por FAIMEVI considéranse accións de interese para a nosa cidade, promovendo o uso racional dos medios enerxéticos, fomentando políticas de aforro, eficiencia enerxética e da promoción das fontes renovables de enerxía.*

*SEGUNDO: Polo anteriormente exposto, o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións, desexa promover e colaborar coa Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo que expresa a súa intención de participar activamente dentro do marco do Plan Municipal de Emprego.*

*Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Fundación da Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)*

#### *ACORDAN*

##### *PRIMEIRO*

*O presente convenio suscríbese co obxectivo de artellar a colaboración entre o Concello de Vigo e FAIMEVI nas actividades a realizar dentro da estratexia do SMART CITY, conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 22/07/2014 co nº de documento 140091547 e modificado posteriormente polo documento 140094751 de 31/07/2014.*

*Así mesmo encadrarse dentro do fomento do Emprego municipal do 2014 que ten por obxecto establecer un marco de colaboración para manter e promover as contratacións facilitándolles os traballadores seleccionados a adquisición de experiencia laboral relacionada co uso e fomento das enerxías renovables e a eficiencia enerxética nos edificios públicos e instalacións deportivas municipais.*

##### *SEGUNDO*

*Corresponderalle a FAIMEVI a planificación e organización das actividades a desenvolver sempre co acordo do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, dependente da concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

##### *TERCEIRO*

*A Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo realizará dez (10) novas contratacións (5 titulados de grao medio (3 por reconversión da proposta inicial de Administrativos xefes de 1ª e 5 auxiliares administrativos), persoal que pola premura e necesidade de levar a bo término o proxecto, contará para a coordinación e dirección técnica e administrativa con tres (3) técnicas da entidade, do mesmo dentro da estratexia do SMART CITY, a través da celebración das Terceiras Xornadas Técnicas Vigo Smart Cities, levar a cabo actividades de concienciación, información e comunicación do uso racional da enerxía e das fontes renovables, así como a xestión das redes sociais corporativas e o estudo de novas necesidades de puntos de recarga para vehículos eléctricos na cidade, e fará cantas outras accións sexan necesarias para levar a cabo o presente convenio.*

*O Concello de Vigo figurará adecuadamente en tódalas actuacións publicitarias e de difusión que se realicen, aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador, FAIMEVI, terá que aportar probas deste material co logotipo oficial con anterioridade a súa impresión para conformidade do Concello de Vigo.*

#### CUARTO

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe de 48.787,65 € como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas, colaborando na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas. O pago a FAIMEVI realizarase contra a presentación da memoria de avalización das actividades realizadas.

#### QUINTO

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

#### SEXTA

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

#### SÉTIMA

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
- Tres vocais:
  1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
  2. Dous a membros da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

## OITAVA

*A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.*

*As retribucións de persoal xustificaranse mediante:*

- Copia autenticada do contrato.*
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora do convenio procederá á devolución do orixinal.*

## NOVENA

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiariadeberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

#### DÉCIMA

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2014 e o 31 de outubro de 2014.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

#### DÉCIMO PRIMEIRA

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.*

#### DÉCIMO SEGUNDA

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### DÉCIMO TECEIRA

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:*

- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.*
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado terceiro do convenio.*
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución siñificativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.*

#### **DÉCIMO CUARTA**

*Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora*

#### **DÉCIMO QUINTA**

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

#### **DÉCIMO SEXTA**

*A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.*

#### **DÉCIMO SÉTIMA**

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2013.*

*Concellaría de Emprego, Participación  
Cidadá e Voluntariado  
Santos Hector Rodríguez Díaz*

*Director de FAIMEVI  
Bernardo Parajó Calvo*

**8(1147).- RELACIÓN DE LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR.**

Examinada a relación libramentos a xustificar e de conformidade co informe do Interventor Xeral do 14.10.14, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación dos memos:

Habilitado	Nºpaga-mento	Aplicación or-zamentaria	Importe li-brado	Importe xustificado	Data de pagamen-to	Data Real xusti-ca-ción	Data legal de xustifi-ca-ción	Reintegro	S/ a fa-vor
Abalde Comesaña Raquel	201400020624	9120.2260100	3.000,00	2.731,05	14/04/14	12/08/14	14/07/14	268,95	---
Abalde Comesaña Raquel	201400020628	9120.2269900	1.000,00	446,40	14/04/14	11/08/14	14/07/14	553,60	---
Barbará Rodríguez Beatriz	201400036480	9220.2260300	6.000,00	5.972,64	20/06/14	10/09/14	20/09/14	27,36	---
Barbará Rodríguez Beatriz	201400063384	9220.2260300	6.000,00	5.946,70	15/09/14	23/09/14	15/12/14	53,30	---
Escariz Couso Alberto	201400028823	9221.2302000	103,37	169,34	16/05/14	11/08/14	16/08/14	0,00	---
Escariz Couso Alberto	201400028824	9221.2312000	520,00	357,00	16/05/14	11/08/14	16/08/14	97,03	---
Escariz Couso Alberto	201400034979	9221.1620001	250,00	250,00	11/06/14	19/09/14	11/09/14	0,00	---
Escariz Couso Alberto	201400048251	2311.4800000	3.000,00	880,00	27/06/14	29/09/14	27/09/14	2.120,00	---
Espada Recarey Luis	201400034523	1693.2300000	500,00	0,00	10/06/14	29/08/14	10/09/14	500,00	---
Espada Recarey Luis	201400034524	1693.2310000	500,00	0,00	10/06/14	29/08/14	10/09/14	500,00	---
Espada Recarey Luis	201400050759	1693.2200000	500,00	482,00	16/07/14	08/09/14	16/10/14	18,00	---
Espada Recarey Luis	201400050803	1693.2279900	17.999,00	16.002,15	16/07/14	29/08/14	16/10/14	1.996,85	---
Espada Recarey Luis	201400052939	1693.2330000	6.851,40	6.851,40	28/07/14	26/09/14	28/10/14	0,00	---
Fernández Fernández Paz	201400033061	2310.7800000	10.000,00	4.129,73	04/06/14	25/09/14	04/09/14	5.870,27	---
González Domínguez Luz M <sup>a</sup>	201400054240	3380.2260906	181.250,00	181.250,00	28/07/14	12/08/14	28/10/14	0,00	---
Gutiérrez Orúe Francisco J.	201400006840	9240.4890020	68.794,05	49.390,60	10/02/14	30/06/14	10/05/14	19.403,45	---
Quintela Rodríguez M <sup>a</sup> José	201400015556	2310.4800000	100.000,00	100.000,00	21/03/14	07/07/14	21/06/14	0,00	---
Quintela Rodríguez M <sup>a</sup> José	201400036484	2310.4810000	230.000,00	219.867,20	20/06/14	21/08/14	20/09/14	10.132,80	---
San Luis Costas Avelino	201400016603	9120.2260100	8.600,00	6.957,64	31/03/14	12/06/14	31/06/14	1.642,36	---
Vivero Mijares Antonio	201400028821	1340.2269900	1.000,00	965,69	19/05/14	15/09/14	19/08/14	34,31	---

Vivero Mijares Antonio	201400028822	1340.2269901	15.000,00	14.970,20	19/05/14	15/09/14	19/08/14	29,80	---
TOTAL			660.867,82	617.619,74				43.248,08	

**9(1148).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO DE 2014. EXPTE. 6725/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 1.10.14, o informe de fiscalización do 10.10.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 24.09.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e a concelleira e Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890002, denominada “Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro”, incluída no vixente orzamento municipal de 2014, a favor da entidade *Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo*.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo* (CIF: G-36899375), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2014, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, en especial, os gastos de aluguer, necesarios para o seu desenvolvemento, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO, PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014 MEDIANTE A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE*

**MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL REALIZADOS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO**

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Pedro Pereira Carballo, con DNI 33105786-Y, en calidade de Presidente da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo (CIF: G-36899375), con domicilio social no Camiño de Moiana, nave 1-3, Sárdoma, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6725/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

**MANIFESTAN**

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan en beneficio da cidadanía.*

*II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de actuacións en apoio e atención ás persoas máis necesitadas e de loita contra a pobreza e a marxinación, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas ao desenvolvemento de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, caritativos, educativos, formativos, así como, de información, promoción e organización de accións orientadas a achegar axuda as persoas con necesidades básicas especiais, sendo a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.*

III.- Que a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, ten como finalidade contribuír e achegar resposta aos problemas de fame, marxinação, paro, pobreza, mediante a recadación e distribución de excedentes e doazóns de alimentos e demais bens propios dunha organización caritativa, proporcionando solucións colectivas en ámbitos asistenciais, laborais, formativos. Para o cumprimento do seu fin, a fundación realiza entre outras actividades, todas elas de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Establecer os contactos oportunos para conseguir gratuitamente os excedentes do sector agroalimentario, cadeas de distribución, ...
- ✓ Obter achegas de alimentos do grande público, por medio de colectas en centros comerciais, colexios, ...
- ✓ Darlle publicidade aos seus fins e necesidades, a fin de recabar a axuda que sexa precisa
- ✓ Solicitar axudas económicas de todo tipo

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 836/03.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2014, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de xaneiro e outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, en particular, aos gastos de aluguer.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV ("Transferencias correntes") do seu vixente orzamento municipal (2014), a aplicación orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro".

VII.- As actividades programadas pola Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo para o 2014, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- procurar alimentos, recuperando excedentes alimentarios da sociedade en xeral, a través de operacións puntuais en áreas comerciais, doazóns ocasionais, operacións quilo en colexios, empresas, asociacións, centros comerciais...
- clasificar, ordenar e conservar nas súas instalacións os alimentos recadados, con axuda de voluntarios
- repartir os alimentos entre as entidades lexitimadas e rexistradas oficialmente.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2014, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social situado no Camiño

*Moiana, nave 1-3, Sárdoma (Vigo) entre os meses de xaneiro a outubro), necesarios para o seu desenvolvemento, en particular, os gastos de aluguer, cuxa contía total neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:*

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL	
<i>Aluguer (local social, garaxe)</i>	12.960,00 €
<i>Reparacións e conservación, alarma</i>	3.167,00 €
<i>Asesoría e primas de seguros</i>	3.750,00 €
<i>Transportes e gastos de furgón</i>	2.500,00 €
<i>Publicidade e comunicacións</i>	3.333,00 €
<i>Auga, electricidade, teléfono, combustible, limpeza</i>	11.084,00 €
<i>Fotocopias, material oficina, renting fotocopiadora</i>	2.583,00 €
<i>Varios, gastos en colectas, gastos de viaxe</i>	6.373,00 €
<i>Gatos FEGA, Asambleas, Cuota Federación Española</i>	3.333,00 €
<i>Tasas, impostos, soldos e salarios, Seguridade social</i>	13.334,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>62.417,00 €</b>

*IX.- Que a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo non incorrer en ningunha circunstancia e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.*

*X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes*

#### PACTOS

*Primeiro.- A entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal (2014), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento do local da asociación entre os meses de xaneiro a outubro, en especial, os gastos de aluguer, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades para o ano 2014, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

*Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2014.*

*Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitude de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datos e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*

5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)

- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo receptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplifícadamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifican gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5113 06 3040009557 (Abanca)

Décimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo.

No caso de solicitude de anticipo, achegarase declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, respecto dos gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude (luz, auga, teléfono, reparacións...), admítase unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas

*aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.*

*Polo Concello de Vigo:  
O Alcalde,*

*Abel Caballero Álvarez*

*Pola Fundación Provincial Banco de Alimentos de  
Vigo:  
O presidente,*

*Pedro Pereira Carballo*

**10(1150).- PROPOSTA EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DO 31/07/2013, DA SECRETARÍA DE ESTADO DE TELECOMUNICACIÓN, SOBRE DAR COÑECEMENTO DO OPERADOR TELEFÓNICO DE INFORMACIÓN 010. EXPTE. 6765/320.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 2.10.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo, ofrece un servizo de atención e información telefónica, por medio do teléfono "010", que atende máis de 140.000 chamadas, tramita máis de 8.000 queixas e suxestións anuais e informa mediante sms ou correo electrónico a máis de 9.000 veciños e veciñas de Vigo, das ofertas de emprego e prazos das taxas municipais, e que dependente da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado*

*A Resolución do 31 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, pola que se atribúe o número de marcación reducida 010 ao servizo de información das Administracións Locais, publicada no Boletín Oficial do Estado n.º 226, de 20 de setembro de 2013, establece no seu apartado quinto, a obriga de cada Administración Local, de dar a coñecer mediante anuncio publicado no "Boletín Oficial do Estado", o nome do operador telefónico designado para prestar o devandito servizo, a data de inicio do mesmo e a situación xeográfica do centro de atención onde deben entregarse as chamadas correspondentes e, unha vez publicado o devandito anuncio, o operador designado para a terminación destas chamadas proporcionará á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información unha memoria técnica descritiva das funcionalidades do servizo de terminación que se prestará, os recursos técnicos empregados, incluíndo os asociados ás transferencias de chamadas ás que se refire o apartado segundo 4 (as Administracións Locais que o consideren oportuno poderán habilitar a transferencia de chamadas a outras dependencias administrativas da entidade local prestamista do servizo sen interromper a chamada orixinal, mantendo en todo caso o seu prezo e o resto de condicións), e a modalidade de prezos aplicados en chamadas ao número 010.*

*O Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014, establece a estrutura orgánica e se fixan as competencias dos órganos integrados, delegando na área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, entre outras, a de dirixir e coordinar os distintos servizos de información a nivel presencial e telefónico a través do teléfono centralizado de información 010.*

*O servizo de Atención Telefónica a través do servizo 010, prestase coas seguintes características:*

- *Telefónica S.A., e a empresa que presta o servizo de comunicacións telefónicas do Concello de Vigo.*
- *A data de inicio do servizo do teléfono 010 baixo as devanditas condicións, será a do 01 de novembro de 2014.*
- *O centro de atención de chamadas dende o que se prestará o servizo, está situado en Vigo, Praza do Rei, 1 - 2º.*

*Polo anteriormente exposto e tendo en conta o establecido na Resolución do 31 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, que establece no seu apartado quinto, a obriga de cada Administración Local, de dar a coñecer mediante anuncio publicado no "Boletín Oficial do Estado", o nome do operador telefónico designado para prestar o devandito servizo, a data de inicio do mesmo e a situación xeográfica do centro de atención onde deben entregarse as chamadas correspondentes, propono a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

- *Publicar no Boletín Oficial do Estado, baixo as condicións establecidas na Resolución do 31 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, as características do servizo de atención telefónica "010" do Concello de Vigo:*
  - h) Empresa que presta o servizo é Telefónica S.A.*
  - i) A data de inicio do servizo do teléfono 010 baixo as devanditas condicións, será a do 01 de novembro de 2014.*
  - j) O centro de atención de chamadas dende o que se prestará o servizo, está situado en Vigo, Praza do Rei, 1 – 2º.*
- *Encomendar ao servizo de Participación Cidadá a elaboración da memoria técnica descritiva das funcionalidades do servizo de terminación que se prestará, os recursos técnicos empregados, incluíndo os asociados ás transferencias de chamadas, e a modalidade de prezos aplicados en chamadas ao número 010, cara a súa presentación á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.*
- *Delegar no concelleiro da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz, a representación do Concello no cumprimento do establecido na Resolución anteriormente mencionada.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1151).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE POLICÍA LOCAL DURANTE O MES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE ANO 2014. EXPTE. 42139/212.**

Mediante providencia de data 10.10.14, en cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, o concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade dá conta da relación de contratos menores tramitados pola Policía Local correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2014 (xullo, agosto e setembro), que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
--------	---------	----	--------	---------------	--------------	---------	---------

41732-212	1320 2211000	SUB	Produtos limpeza e aseo	-	05/09/14	10/09/14	100,00€
-----------	-----------------	-----	----------------------------	---	----------	----------	---------

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **12(1152).- HORAS EN EXCESO DE D. LUIS GONZÁLEZ MARTÍNEZ (MARZO, ABRIL, MAIO E XUÑO 2014). EXPTE. 25619/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 10.09.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*Recíbese no Servizo de Recursos Humanos solicitude da Xefatura do Servizo de xardíns con conforme do Concelleiro Delegado da Area, de aboamento do exceso de xornada realizado polo empregado municipal D Luis Gonzalez Martinez NP 7108, vixiante de instalacións Municipais adscrito a dito servizo nos meses de marzo , abril , maio e xuño de 2014, ante a imposibilidade de ser compensadas con descanso e dada a súa xubilación en data 9/9/2014.*

*Dito exceso de xornada foi realizado nos meses de:*

Mes	N Horas
Marzo 2014	20
Abril 2014	19
Maio 2014	20
Xuño 2014	20

*Remitido expte 25619-220 a Tesourería Municipal para cuantificación económica en data 8/09/2014 esta informa que a cantidade a aboar ante a imposibilidade de ser compensadas con descansos debido ao déficit de persoal no servizo e a inminente xubilación do empregado, polas 79 horas de exceso de xornada realizadas supón im importe total de 598.90€*

*Así mesmo, dito exceso de xornada conta co resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O:*

*“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período marzo xuño 2014, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, a D Luis Gonzalez Martinez NP 7108, vixiante de instalacións Municipais adscrito ao Servizo de Parques e Xardíns por importe de 598.90€*

Consta no expediente informe de fiscalización de data 17.09.14, e ampliación de informe de data 13.10.14, da técnica de avaliación e Formación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1153).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PARQUE MÓBIL, DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN CORRESPONDENTES AOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2014. EXPTE. 25700/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.10.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 3.10.14, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do Parque Móbil, co conforme do Xefe da Área de Fomento e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente aos meses de Xullo e Agosto de 2014. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

*A instrución terceira, apartado e) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificando na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 25393/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade.*

*O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte com*

periodicidade e non se autorice día a día.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

*“Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o servizo do Parque Móbil que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por don Manuel Alonso Iglesias e rematan por don Juan A. Martíns Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes aos meses de Xullo e Agosto-2014 e que ascenden a un total 273'42 €, con cargo ao RC nº 27327 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(1154).- DAR CONTA Á X.G.L. DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS:**

#### **A) RESOLUCIÓN SOBRE DISPOSICIÓN TEMPORAL DE EFECTIVOS PARA A ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE. EXPTE. 25706/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, de data 3.10.14, que di o seguinte:

*En expediente administrativo nº 90.593/210, a Xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes comunica a esta Concellería a existencia de unha serie de necesidades urxentes de disposición de efectivos técnicos de Administración Xeral ou especial (rama xurídica) na mesma; necesidades que se detallan no informe asinado por dita Xefatura en data 26.09.2014.*

*Sendo consciente esta Concellería-delegada da escasez de persoal técnico de Administración Xeral ou especial pertencentes á rama xurídica e Licenciados en Dereito, encadrados no subgrupo A 1 de titulación -derivado fundamentalmente do actual marco legal de restricción económica e orzamentaria contida nas recentes Leis de Orzamentos Xerais do Estado- e sempre dende a óptica da adecuada prestación dos servizos públicos e da garantía dos dereitos á carreira profesional dos empregados/as públicos, estímase por esta Concellería a idoneidade do funcionario municipal D. Manuel A. Córdoba Ardao, técnico de Admón Xeral pertencente á rama xurídica adscrito ao posto de traballo código 230-“Asesor Xurídico Adxunto”, con destino na Asesoría Xurídica Municipal para contribuir a paliar as necesidades manifestadas pola Xefatura da Área de Mobilidade e seguridade en informe de data 26.09.2014, de xeito tal que sin implicar traslado ou reasignación de efectivos, o técnico indicado desempeñe na indicada Área as funcións inherentes ao seu posto de traballo e praza segundo a vixente Guía de Funcións dos Postos de Traballo, con carácter temporal e por un período de 6 meses, sen merma obviamente dos seus dereitos económicos, e sen que conleve maior carga de traballo á habitual asignada ao funcionario indicado, o cal deberá ser considerado pola Asesoría Xurídica Municipal aos efectos de reparto do traballo entre os restantes funcionarios de carácter técnico xurídico adscritos á mesma.*

*Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 29.07.2014, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de 30.07.2014, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:*

*Primeiro.- Dispoñer que, temporalmente e por un período máximo de 6 meses, o funcionario municipal técnico de Admón Xeral (rama xurídica) D. Manuel A. Córdoba Ardao, desempeñe as funcións inherentes ao seu posto de traballo de destino (posto código 230-“Asesor Xurídico Adxunto” encadrado na Asesoría Xurídica Municipal) e praza de orixe asociada (Técnico de Administración Xeral, rama Xurídica, subgrupo A1 de titulación, escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase superior) na Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes, segundo as instrucións e directrices da Xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes.*

*Segundo.- Establecer que o indicado funcionario, que seguirá organizativamente encadrado na Asesoría Xurídica Municipal dada a ausencia de reasignación do posto de traballo dende o servizo de orixe, desenvolverá as súas funcións exclusivamente na Área de Mobilidade e Seguridade, con idénticos dereitos retributivos aos actuais, debendo tomar coñecemento da nova situación a Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefatura dos Servizos Contencioso e de Recursos e Asesoramento) aos efectos de efectuar a correspondente redistribución de cargas de traballo dentro dos servizos xurídicos municipais.*

*Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e planificación e organización), Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) e Intervención Xeral Municipal, aos efectos que procedan.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **B) RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS NOUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA FUNCIONARIA MUNICIPAL DNA. MÓNICA DOMÍNGUEZ ESTÉVEZ. EXPTE. 25715/220.**

Dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 7.10.14, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

Por Resolución da vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 30.06.14 procedeuse ao nomeamento, como funcionaria de carreira en propiedade de dito organismo, na praza de Técnico de Administración Xeral, pertencente á escala de Administración Xeral, subescala Técnica, clase Superior, grupo A, subgrupo A1, a D<sup>a</sup> Mónica Domínguez Estévez, DNI 34.627.814-A.

A Sra. Domínguez Estévez fora nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/07/2011, funcionaria de carreira deste Concello, tomando posesión con data 11/07/2011 da praza de Técnico de Xestión, sendo adscrita a un posto de traballo da mesma denominación, código nº 179, no Servizo Cód. 321-Atención Cidadá, Grupo A, subgrupo A2, da vixente relación de postos de traballo.

En escrito de data 02.10.2014 (documento administrativo nº 140118247) a indicada funcionaria presenta escrito no rexistro xeral do Concello solicitando a declaración na situación administrativa que proceda.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 89, apartado 1. da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, contempla que “os funcionarios de carreira que, en virtude dos procesos de transferencias ou polos procedementos de provisión de postos de traballo, obteñan destino nunha Administración Pública distinta, serán declarados na situación de servizo noutras Administracións Públicas. Manteranse nesa situación no caso de que por disposición legal da Administración á que acceden se integren como persoal propio desta.”

II.- Nos seus apartados 3 e 4, o mesmo precepto indica que “os funcionarios de carreira na situación de servizo noutras Administracións Públicas que se atopen na dita situación por ter obtido un posto de traballo mediante os sistemas de provisión previstos neste Estatuto, réxense pola lexislación da Administración na que estén destinados de forma efectiva, e conservan a súa condición de funcionario da Administración de orixe e o dereito a participar nas convocatorias para a provisión de postos de traballo que se efectúen por esta última. O tempo de servizo na Administración Pública na que estén destinados computaráselles como de servizo activo no seu corpo ou escala de orixe.

Os funcionarios que reingresen ao servizo activo na Administración de orixe, procedentes da situación de servizo noutras Administracións Públicas, obterán o recoñecemento profesional dos progresos acadados no sistema de carreira profesional e os seus efectos sobre a posición retributiva conforme ao procedemento previsto nos Convenios de Conferencia Sectorial e demais instrumentos de colaboración que establecen medidas de mobilidade interadministrativa, previstos no artigo 84 do presente Estatuto. En defecto de tales Convenios ou instrumentos de colaboración, o recoñecemento realizarase pola Administración Pública na que se produza o reingreso”.

III.- No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto de data 29/07/2014 -en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- así como aquelas competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ten delegadas pola

Xunta de Goberno Local (Acordo de 30/07/2013), sométese á consideración do órgano municipal indicado a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Declarar na situación administrativa de servizos noutra administración pública á funcionaria municipal D<sup>a</sup> Mónica Domínguez Estévez, con nº de persoal 79579, a petición da mesma efectuada en escrito de data 02.10.2014 (documento administrativo nº 140118247) e derivada do seu nomeamento como funcionaria de carreira do Organismo Autónomo Municipal "Xerencia Municipal de Urbanismo", efectuado por Resolución da Vicepresidenta da Xerencia de data 30.09.2014, con efectos económicos e administrativos do día 30.09.2014, en cumprimento do establecido no artigo 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- Notificar a presente resolución á interesada, Sra. Xerente de Urbanismo, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) Intervención Xeral Municipal, e Planificación e organización aos efectos oportunos.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 9.10.14, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **15(1155).- PROPOSTA DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓN, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E FERRETERÍA PARA O TALLER DE FOMENTO. EXPTE. 65970/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.10.14, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 19.09.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 4 de agosto de 2014, a empresa TRANSPORTES PABLO VAL, SL., solicita, a revisión do contrato de referencia.

En relación coa dita solicitude, emítase o seguinte informe:

Con data 14 de setembro de 2012, a Xunta de Goberno Local aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas particulares, redactados polo Xefe do Servizo de Vías e Obras con datas 21 de agosto e 15 de febreiro do ano 2012, baixo os cales

se licitou o contrato para os subministros de formigón, áridos, materiais de construción e ferretería para o Taller de Fomento do Concello de Vigo.

Con data 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local adxudicou por procedemento aberto o referido contrato a favor de TRANSPORTES PABLO VAL, SL., cunhas baixas porcentuais únicas respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescricións técnicas particulares do 9% para o lote 1 (formigóns), 1,6% para o lote 2 (áridos), 1% para o lote 3 (materiais de construcións); e 1% para o lote 4 (ferretería).

Con data 22 de abril de 2013, o Concello de Vigo asinou co adxudicatario o correspondente contrato.

Por último, con data 24 de maio de 2013 a Xunta de Goberno Local, aproba a corrección de erros no acordo da Xunta de Goberno local do 22.03.13 de adxudicación da contratación do expediente, polo cal os prezos máximos para os lotes adxudicados queda nos seguintes importes: Lote 1: 290.000 euros, Lote 2: 160.000 euros, Lote 3: 360.000 euros e Lote 4: 90.000 euros, que incorporouse ao contrato asinado polas partes.

Examinados os anteriores antecedentes, e en relación coa petición obxecto deste expediente, debe sinalarse que, a apartado 3J das FEC, anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, establece que: "O prezo do contrato actualizarase segundo a evolución do índice de prezos o consumo (IPC Nacional) do ano inmediatamente anterior, unha vez deducido o imposto do valor engadido (IVE) aplicando o IPC ao contrato segundo ven regulado polo TRLCSP, o cal será do 85% do valor do IPC."

Para a revisión de prezos se deberá terse en conta que no apartado 3F das FEC contéplase como "PREZOS UNITARIOS" aqueles especificados nos Anexos do prego de prescricións técnicas particular, os cales non contemplan o IVE, aos que terase que aplicar a baixa proposta polo adxudicatario, que figura no seguinte cadro: "importes correspondentes a primeira anualidade do contrato"

LOTES	Baixa % para prezos unitarios	Importe máximo (anual)
Lote 1: subministro de formigón	9,00 %	145.000,00 €
Lote 2: subministro de áridos	1,60%	80.000,00 €.
Lote 3: subministro de materiais de construción	1,00 %	180.000,00 €
Lote 4: subministro de materiais de ferretería	1,00 %	45.000,00 €

Para o cálculo da revisión de prezos solicitada, o apartado 3 do artigo 91 do TRLCSP, establece "Salvo o previsto no apartado anterior, o índice ou fórmula de revisión aplicable ao contrato será invariable durante a vixencia do mesmo e determinará a revisión de prezos en cada data respecto da data de adxudicación do contrato, sempre que a adxudicación prodúzase no prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que termine devandito prazo de tres meses se a adxudicación prodúcese con posterioridade." Polo cal procede a valoración da revisión do IPC deberemos ter en conta as seguintes datas:

- Data límite para presentación do ofertas: De acordo cos anuncios do proceso de licitación o prazo para a presentación de ofertas o proceso de licitación deste contrato estableceuse no día 23 de novembro de 2012.

- *Adxudicación do contrato: 22 de marzo de 2013.*

*Polo exposto a data que determinará o período de revisión e a de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas: 23 de febreiro de 2013.*

*Atendendo a data do contrato, vinte e dous de abril de dous mil trece o período de revisión do mesmo procede unha vez teña transcorrido un ano dende a súa formalización. Polo cal coa aplicación do estipulado no apartado 3.J das FEC, “O prezo do contrato actualizarase segundo a evolución do índice de prezos o consumo (IPC Nacional) do ano inmediatamente anterior, unha vez deducido o imposto do valor engadido (IVE) aplicando o IPC ao contrato segundo ven regulado polo TRLCSP, o cal será do 85% do valor do IPC.”.*

*Do anterior resulta:*

- *Período a contemplar a variación de IPC: febreiro 2013 / abril 2014*
- *Variación IPC en período indicado: 1,10 %*
- *Revisión de prezos a aplicar, 85 % variación IPC: 0,94 %*
- *O resultado concreto da revisión, para cada un dos lotes, figura no cadro que asinado polo Xefe de Servizo de Vías e Obras, con data 19 de setembro, inclúese no expediente.*

*Para facer fronte ao gasto derivado da revisión existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.210.00.00 “conservación de viais e espazos públicos”.*

*Previamente a someter a proposta a coñecemento e aprobación, no seu caso, da Xunta de Goberno Local, órgano de contratación competente de conformidade co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, precísame o informe favorable de fiscalización da Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2014, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*Por isto, e en base ao anterior informe, proponse a Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:*

*1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato para subministro de formigón, áridos, materiais de construción e ferretería para o Taller de Fomento do Concello de Vigo para o período comprendido entre o día 22 de abril de 2014 e o día 21 abril de 2015, nunha porcentaxe do 0,94 %.*

*2º.- O presente acordo notifíquese ao contratista ofrecéndolle os recursos que legalmente procede.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(1156).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.